



INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE INTERNACIONALIZACIÓN SOBRE O PROCEDIMENTO SIMPLIFICADO PARA A INCLUSIÓN DE MATERIAS DE GRAO E MESTRADO NOS PROGRAMAS *ENGLISH FRIENDLY*, *PORTUGUÊS AMIGÁVEL*, *FRANÇAIS AMICAL* E *ITALIANO AMICHEVOLE* CURSO 2026-2027

Dentro do compromiso da Universidade de Vigo pola internacionalización e co obxecto de aumentar a presenza das linguas estranxeiras na universidade e fomentar a inclusión de estudantado internacional nas nosas aulas, ánimoase ao profesorado interesado a ofertar as súas materias en graos e mestrados oficiais da Universidade de Vigo na modalidade de *English Friendly*, *Português amigável*, *Français amical* e/ou *Italiano amichevole*.

As materias que formarán parte deste catálogo irán destinadas ao estudantado internacional que entenda español/galego, pero que non se sinta o suficientemente seguro para falar ou facer exames en español/galego.

O profesorado que oferte materias *English Friendly*, *Português amigável*, *Français amical* e/ou *Italiano amichevole* en calquera grao e/ou mestrado oficial terá prioridade, en caso de empate, nas convocatorias de mobilidade para o PDI e podería achegar esta participación no programa de avaliación da actividade docente do profesorado universitario (DOCENTIA).

Recoméndase que o profesorado que imparta estas materias estea en posesión dun certificado de B2 na(s) correspondente(s) lingua(s) estranxeira(s).

Para o curso 2026-2027, o profesorado interesado poderá ofertar as súas materias nesta modalidade a través do proceso simplificado que se recolle nesta instrución.

I. Descrición do programa *English Friendly*, *Português amigável*, *Français amical* e/ou *Italiano amichevole*

As materias *English Friendly*, *Português amigável*, *Français amical* e *Italiano amichevole* son materias de graos e mestrados oficiais da Universidade de Vigo que se imparten en castelán/galego, pero nas que o profesorado adquire os seguintes compromisos:

- Indicar o carácter *English Friendly* da materia na guía docente, segundo o procedemento que se indica no [punto II](#).
- Indicar o carácter *Português amigável*, *Français amical* e *Italiano amichevole* da materia na guía docente, segundo o procedemento que se indica no [punto III](#).



ATHENA




HR EXCELLENCE IN RESEARCH

- Traducir a guía docente da materia ao idioma correspondente durante o período de edición das guías docentes, prestando especial atención a descrición xeral, contidos e avaliación. Para o inglés realizarase directamente na aplicación e para o resto de linguas empregárase os anexos correspondentes que se publican con esta instrución.
- Facilitar os materiais e as referencias bibliográficas para o seguimento da materia na(s) lingua(s) estranxeira, no caso de que así o precisase o estudantado internacional.
- Atender as titorías na lingua(s) sinalada(s), se así o precisase o estudantado internacional.
- Diseñar e implementar as probas e as avaliacións na lingua(s) estranxeira(s), se así o precisase o/a estudante internacional.
- Sempre que sexa posible, as presentacións PPT ou noutro formato, subíranse ao espazo MOOVI en dúas versións (na lingua estranxeira correspondente e español/galego).
- As prácticas/exercicios/casos de estudo ofrecéranse tanto na lingua(s) estranxeira(s) coma en español/galego, sempre que sexa posible.

II. Procedemento simplificado para a oferta de materias no marco do programa *English Friendly*

Durante o proceso de elaboración das guías docentes en Docnet o profesorado que desexe ofertar materias baixo a modalidade *English Friendly* deberá:

- 1) Seleccionar #*EnglishFriendly* na opción «Lingua impartición».
- 2) Engadir no apartado “Descrición xeral” da materia a seguinte frase:
 - a. Galego: *Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.*
 - b. Castelán: *Materia del programa English Friendly: Los/as estudiantes internacionales podrán solicitar al profesorado: a) materiales y referencias bibliográficas para el seguimiento de la materia en inglés, b) atender las tutorías en inglés, c) pruebas y evaluaciones en inglés.*
 - c. Inglés: *English Friendly Subject: International students may request from the teachers: a) resources and bibliographic references in English, b) tutoring sessions in English, c) exams and assessments in English.*



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

- 3) Incluir a versión en inglés da guía docente. A tradución da guía docente ao inglés será un requisito indispensable para que a materia apareza no listado de materias *English Friendly* para o curso 2026-2027, tal e como se indicou no apartado I. O persoal docente será responsable de asegurar unha tradución de calidade.

III. Procedemento simplificado para a oferta de materias no marco do programa *Português amigável, Français amical e/ou Italiano amichevole*

Durante o proceso de elaboración das guías docentes, o profesorado que desexe ofertar materias baixo a modalidade *Português amigável, Français amical e/ou Italiano amichevole* deberá:

- 1) Seleccionar *#Português amigável, Français amical e/ou Italiano amichevole* na opción «Outras linguas de impartición».
- 2) Engadir no apartado “Descrición xeral” da materia a seguinte frase:
 - a. Galego: *Materia do programa Português amigável, Français amical e/ou Italiano amichevole. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia na(s) lingua(s) estranxeira(s), b) atender as titorías na(s) lingua(s) estranxeira(s), c) probas e avaliacións en lingua estranxeira.*
 - b. Castelán: *Materia del programa Português amigável, Français amical e/ou Italiano amichevole: Los/as estudiantes internacionales podrán solicitar al profesorado: a) materiales y referencias bibliográficas para el seguimiento de la materia en lengua extranjera, b) atender las tutorías en lengua extranjera, c) pruebas y evaluaciones en en lengua extranjera.*
 - c. Inglés: *Subject from the Português amigável/Français amical and/or Italiano amichevole Programme. International students may request the following from the teaching staff: a) materials and bibliographic references to follow the subject in a foreign language, b) attend tutorials in a foreign language, c) tests and evaluations in a foreign language.*
- 3) Elaborar a guía docente empregando o documento PDF para cada idioma que se publica con esta instrución. A tradución da guía docente á lingua estranxeira será un requisito indispensable para que a materia apareza no listado de materias *Português amigável, Français amical e/ou Italiano amichevole* para o curso 2026 - 2027, tal e como se indicou no apartado I. O persoal



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

docente será responsable de asegurar unha tradución de calidade.

- 4) Subir a guía docente ao cartafol [Guías docentes 2026-2027](#) nomeando dito documento co Código da materia, guion baixo, nome da materia (Por exemplo: 201562_Cine e tradución).

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor,

Por delegación R.R. 30/05/2024 (DOG do 10/06/2024)

A vicerreitora de Internacionalización,

M^a Isabel del Pozo Triviño